

Fron da

Voandeira do Arquivo Histórico Provincial de Ourense

nº 54

ano 9

setembro-outubro 2014

250 aniversario do Padre Feijoo (V) **1887: A INAUGURACIÓN DA ESTATUA**

O 8 de setembro de 1887 a **Comisión** creada en 1875 (en vistas á celebración do II centenario do nacemento do monxe bieito en 1876) sentía que o seu labor de “honrar la memoria del P. Feijóo” culminaba coa erección da súa estatua na praza de Isabel la Católica. Atrás quedaban un decenio de esforzos para sufragar o monumento e un **concurso de proxectos** no que participaron afamados artistas. Neste número de *Fron da* presentamos un **bosquexo de autor descoñecido** que posiblemente concorreu ao concurso.

Trátase dun debuxo en tinta ben deliñado, que representa á **efixie sedente** do monxe bieito sobre o pedestal que soporta a actual escultura. Cobre parte do fondo un conxunto de trazos rápidos e esvaídos que semellan árbores, e que dota de contraste o conxunto. Nesta proposta o sabio de Casdemiro aparece relaxado, amablemente recollido na cadeira, coas pernas cruzadas. Sostén unha pluma na man dereita e un libro aberto na esquerda. Transmite enteireza e capacidade de traballo. Ten unha actitude meditativa, coa mirada ensimesmada pero lanzada cara ao horizonte; como se estivese a piques de dar coa forma máis elocuente de escribir algunha idea fondamente ponderada.

Un dos bosquexos máis valorados na actualidade é o do compostelán **Isidoro Brocos Gómez** (1841-1914), gran representante do moderno Renacemento escultórico galego, debuxante, gravador e profesor de Modelado e Baleirado de Adorno na Escola de Belas Artes da Coruña, onde ensinou a Picasso. Pero a obra foi inicialmente adxudicada a **Georges-Prospér Clere** de París, coñecido pola súa participación na decoración do novo Louvre. Finalmente, tras ser criticado o procedemento de elección do artista por falta dunha maior concorrencia pública e de artistas rexionais, a execución da escultura recaeu no escultor catalán **Juan Soler y Dalmau** (véxase a fotografía da obra no reverso). O pedestal de planta cuadrangular, realizado en granito e de traza sinxela é obra do arquitecto provincial **Daniel Zabala** e o enreixado do ferreiro **Antonio Anta**.

A efixie do P. Feijoo foi **obxecto da crítica** do xornalista García Ferreiro no momento da inauguración pola súa rudeza, a violenta inclinación da cabeza e a aspereza do rostro que non semellaba unha xusta re-

presentación da amable faciana do pensador. A figura pedestre, cóbrese cun solideo, viste un amplo **hábito bieito**, leva a pluma na man dereita e na esquerda un libro que representa a súa obra *Teatro Crítico Universal*; son os emblemas dun espírito que se quería facer perdurar para **exemplo da cidadanía**, no contexto liberal de creación das sociedades cívicas burguesas do século XIX.



OURENSE. ESTATUA DO PADRE FEIJÓO. [1886]

[Bosquexo presentado ao concurso para a construción da estatua do Padre Feijóo]. – Sen escala. – [1886].

1 plano: ms., tinta; 23 x 15 cm.

AHPou. Pereiro Rey, C-23973/48

“la estatua del insigne escritor ourensano”

“Fray Benito Jerónimo Feijóo y Montenegro, el fraile audaz que hizo de la celda de su convento un campo de batalla, tiene ya un bronce que eternice su gloria á través de las generaciones y de los tiempos”. O avogado, xornalista e poeta ourensán **García Ferreiro** resumía con certa retórica belicista o sentir dos seus paisanos na súa crónica **Las fiestas del Padre Feijoo** aparecida na prensa rexionalista galega.

A inauguración da estatua no ano 1887 foi un **evento multitudinario** de envergadura sen par na cidade de Ourense (falouse da presenza de 20.000 persoas). Trátase da **primeira escultura conmemorativa** que se erixía na cidade de Ourense. A súa razón de existir hai que buscala no contexto cultural europeo e ibérico do século XIX, momento de construción das sociedades liberais e das identidades rexionais.

Hai que ter presente que no século XIX a escultura era un obxecto artístico cunha alta consideración social, debido aos seus valores expresivos e á súa capacidade de educar de xeito exemplar á cidadanía. A escultura conmemorativa foi a tipoloxía artística máis importante daquela centuria, xustamente denominada a idade de oro do monumento público español.

A dimensión pública do monumento debe terse presente á hora de comprender a súa significación dentro daquel contexto histórico finisecular decimonónico. A efixie do P. Feijoo sería nunha **icona cívica**, cun **valor didáctico**, no imaxinario colectivo actuaba a un tempo como nexo e fractura entre dúas realidades históricas, a do absolutismo do Antigo Réxime e a do Liberalismo constitucional; como exemplo das luces da Ilustración a escultura representaba unha sorte de gonzo simbólico entre unha e outra épocas.

A inauguración da estatua en 1887

Da importancia da inauguración quedou constancia na **crónica dos festexos**, que valoraba o “cultísimo carácter” dunha panoplia de “certámenes científicos y literarios, concursos orfeónicos, justas poéticas, exposiciones, dedicación de mármoles conmemorativos á hijos ilustres de Orense, veladas musicales...”, xunto cunha exposición de gandos na Alameda do Cruceiro, arquitecturas orientais efémeras e lumes artificiais.

Contouse coa presenza de **Emilia Pardo Bazán** para presidir un certame literario no que triunfou a poetisa **Filomena Dato**, considerada como unha voz esencial do “feminismo galeguista de entre séculos”, e a segunda autora que publica un libro na lingua galega despois de Rosalía. O seu poema titulouse “**En defensa das mulleres**”, en clara alusión a un escrito do “Padre Maestro”, precursor da loita pola equiparación intelectual entre mulleres e homes.

Os actos remataron co *Elogio del sabio benedictino Fr. Benito Jerónimo Feijóo* realizado na catedral de Ourense por **Marcelo Macías**, presbítero e Catedrático de Retórica y Poética do Instituto Provincial, cuxa inspirada e aplaudida intervención lle valeu o cualifi-

cativo de “Castelar sagrado”, que lle outorgou a escritora coruñesa.

É evidente que as festas na honra do “Padre Maestro” que se realizaron naquel ano de 1887 tiveron unha gran significación social para a cidade de Ourense. E as palabras recollidas no **Elogio** de Marcelo Macías resumen o valor que se lle deu ao monumento como referente exemplar para as xeracións vindeiras: “¡Gloria, queridos



Estatua erixida en 1887 ao Padre Feijóo na cidade de Ourense

ourensanos, gloria al hijo más ilustre de Galicia! ¡Gloria al monje, gloria al héroe, gloria al sabio! ¡Gloria a Feijóo... Ojalá que este faustísimo día sea para vuestro pueblo el principio de una nueva era de prosperidad y engrandecimiento. Ojalá que el monumento que legáis á vuestros hijos sea para ellos, no un simple recuerdo que lisonjee su orgullo, sino centro de fe, de amor y de esperanza, en torno del cual se agrupen las grandes luchas y conflictos de la vida”.

O monumento pasou ao dominio do Concello no mes de novembro daquel ano. O desenvolvemento urbanístico fixo que quedase emprazado nun punto nodal da urbe, na confluencia da cidade vella coa nova, que xorde do progreso decimonónico.



ARQUIVO HISTÓRICO PROVINCIAL
Rúa Hernán Cortés 2, 32005 Ourense
arq.prov.ourense@xunta.es



XUNTA
DE GALICIA

Texto: Pablo Sánchez Ferro; fotografía: Manuel A. García Yanes. D.L. OU 67/2006. ISSN 2659-3491